



**CONCELLO DE ORDES
(A CORUÑA)**

ACTA Nº 8/2019

FOLLA Nº 1

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DIA DOCE DE XULLO DE DOUS MIL DEZANOVE.

En Ordes, a doce de xullo de dous mil dezanove.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Extraordinaria, baixo a Presidencia de D. José Luis Martínez Sanjurjo, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D^a. ANA MARÍA SONEIRA LIÑARES.
- D. JOSÉ MANUEL MIRA GÓMEZ.
- D. ABEL BLANCO VIQUEIRA.
- D^a. YESSICA LÓPEZ VARELA.
- D. JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ.
- D^a. SUSANA GARCÍA GÓMEZ.
- D. PABLO VÁZQUEZ CANDAL.
- D. JOSÉ ANTONIO CABEZA FRAGA.
- D. PABLO VIDAL RÍOS.
- D^a. ALBA REGOS MATA.
- D. MANUEL IGLESIAS VIEITES.
- D. MARCOS FERNÁNDEZ LOURO.
- D. FERNANDO VIQUEIRA NOUCHE.
- D^a. CARMEN MARÍA FERREIRO VILLAVERDE.

Non asiste:

- PAULA CASTENDA BLANCO.
- GONZALO VEIRAS CASTRO.

Asiste o Sr. Secretario da Corporación D. Juan Luís González Iglesias, que dá fe do acto.

Aberta a sesión e declarada pública pola Presidencia ás catorce horas, previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

PUNTO PRIMEIRO: APROBACIÓN, SE PROCEDE, ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 15/06/2019.

Polo Sr. Alcalde-Presidente procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta da sesión extraordinaria, de data 15 de xuño de 2019, cuxa



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 2

minuta foi distribuída coa convocatoria, todo isto ó abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

A acta da sesión ordinaria de data 15 de xuño de 2019, resultou aprobada por maioría de quince votos a favor, sendo dezasete o número legal de membros da Corporación.

PUNTO SEGUNDO: FIXACIÓN DA PERIODICIDADE DAS SESIÓNS DO PLENO.

Vista a proposta de Alcaldía, que se transcribe a continuación.

“O Pleno celebrará sesión ordinaria o último xoves de cada mes ás 19:30 horas, se este día é inhábil a celebración da sesión trasladarase ao martes hábil anterior, excepto nos meses de agosto e decembro”.

Visto o disposto no art. 23.2 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Concello de Ordes e art. 46.2 párrafo 2º da Lei 7/1985, de 2 de abril (LBRL).

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. Viqueira Nouche, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que non lles parece normal a hora que se está intentando poñer as 19:30 por que a maioría das persoas ata as 20:00 – 20:30 horas non saen de traballar. Como se viña celebrando antes era os venres, que se mantena os venres 20:00 – 20:30 horas. Para o caso de manterse o xoves, tamén 20:00 - 20:30 horas.

Intervén a Sra Regos Mata, voceira do grupo político UxO, que sinala que con data 11 de xullo presentaron unha proposta de modificación da proposta da alcaldía de fixación da periodicidade das sesións do pleno implementando a celebración da sesión ordinaria do pleno o último xoves de cada mes ás 19:30 horas, solicitan mudar esta data para o último venres de cada mes ás 20:00 horas. Baixo a necesidade de preservar así o pluralismo político no seno municipal deberase garantir unha mínima actividade do pleno mediante a consagración destas sesións periódicas de celebración preceptiva, intentando asegurar a asistencia ás mesmas. No caso deste grupo político fixar a celebración das sesións os xoves prexudica as súas obrigas laborais.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que quere amosar en primeiro lugar a falta de cortesía, antes de convocar o pleno ven se podía facer unha chamada, é unha sesión extraordinaria, non pasaba nada por falar cos grupos para ver se o venres ás 14:00 horas era posible ter este pleno. O BNG ata o de agora sempre foron flexibles á hora de por un horario dun pleno, nunca puxeron ningún tipo de obxección. Para próximas ocasións intentar acordar a hora das sesións extraordinarias do pleno que veña un pouco ven a todo o mundo. Os seus compañeiros non están hoxe por motivos xustificadas. Con respecto a este punto tamén presentaron unha emenda, non lles importa o día, mantiveron o día que propuxo o Alcalde, gustaríalles que en lugar das 19:30 horas manter as 20:00 horas, hora que viñan mantendo estes últimos anos.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 3

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se mantivo unha reunión con todos os grupos con antelación suficiente á convocatoria deste pleno. Xa adiantaron en todas as ocasións que a intención é que os plenos extraordinarios se celebren en horario de mañá para non supor unha carga de traballo extraordinaria para o persoal e técnicos, intentarán que sexan os mínimos posibles, pero cando haxa un pleno extraordinario este vai a celebrarse pola mañá, á primeira ou última hora, como se ten feito en innumerables ocasións por todos os gobernos anteriores, en non solo fala do PP, nos últimos catro anos os plenos extraordinarios foron tantos os que convocou a oposición como os que convocou o propio goberno, que tamén se celebraron as veces en horarios non moi axeitados. A data de celebración dos plenos extraordinarios non vai a ser o venres. O venres foi unha modificación da data que fixo no seu día UxO. Hai catro anos acordouse que os plenos se celebrarían os martes. Coa intención de que as comisións informativas se poidan celebrar os venres, e tendo que convocarse con dous días hábiles non se poden celebrar os martes, o sábado deixou de contar como día hábil. Falando cos seus compañeiros que son a maioría da corporación, nove de dezasete, entende que todos e cada un dos concelleiros teñen as súas situacións particulares, familiares e laborais, eles tamén as teñen e deben adaptarse a esa situación. Hai xente que se ten que levantar as 04:30 horas para ir a traballar, temos saído aquí de plenos moitas veces tardísimo. Non van a mudar a proposta. Media hora arriba ou abaixo das 19:30 horas é insignificante. Nos últimos meses houbo que adiantar plenos dos venres no anterior mandato sen que houbera problema para a celebración as 19:00 – 19:30 horas. A idea inicial eran as 19:00 horas, decidiuse facer unha proposta intermedia das 19:30 horas, que fora a máis axeitada para cada un de nos. O goberno mantén a súa proposta, non vamos a admitir os venres, que a xente estea aquí ata as 23:00 horas no inicio do fin de semana.

Polo Sr. Alcalde ábrese una segunda quenda de intervencións.

Intervén o Sr. Viqueira Nouche, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que non so hai que mirar para nos, hai que mirar tamén para o pobo que é quen votou aos que están aquí presente, a hora de celebración debería ser as 20:00 - 20:30 horas para o caso de que se manteña o xoves, que sexa venres.

Intervén o Sr Iglesias Vieites, en representación do grupo político UxO, que sinala que so expoñen a súa problemática de que sexa o xoves. A maioría a ten o goberno municipal e evidentemente decide.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que evidentemente son nove de dezasete pero cree que razoando un pouco como ben dixó media hora arriba ou abaixo non se nota. Si que se nota no caso de xente que traballa fora, media hora de desprazamento no camiño para cumprir co seu horario laboral notáselle bastante. Se pode ser o teñan en conta e razoen nese sentido a ver se poden admitir facelo ás 20:00 horas. Non é un capricho, hai xente que traballa fora deste concello e celebrar o pleno media hora máis tarde dálle un pouco máis de marxe. Sabemos que esta corporación vai a ser distinta, non é o caso que tiveron do 2011-2015, nin 2015-2019. Agora hai unha maioría absoluta, está na súa man chegar a un acordo nun horario que lles parece razoable, que foi o que mantiveron estes anos co que non houbo problema de ningún tipo. Hai xente que se levanta ás catro da mañá, pero tamén son contados os plenos que acabaron as once, normalmente as dez, dez trinta están liquidados. Que teñan en conta esa media hora que ven ben para xente que traballa fora.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 4

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se fixo unha reflexión, escoitáronse as propostas, tiveron tempo para facer chegar as súas peticións, presentaron emendas un día ou dous antes do pleno, falouse con antelación, a reunión mantívose o luns seguinte á celebración do pleno de constitución. Para o seu grupo o que mellor se adapta é traballar con ese horario. para o público que asiste ou escoita RadioOrdes sete, sete trinta, oito é totalmente insignificante. Ese non vai a ser o problema, van a seguir mantendo a proposta da Alcaldía, se ao longo dos meses se ve que hai un problema con boa parte da corporación analizarase unha mudanza da hora. Manteñen a proposta inicial tal é como esta plantexada.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de nove votos a favor (9 grupo político PP), seis votos en contra (1 grupo político BNG, 3 grupo político UxO, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

O Pleno celebrará sesión ordinaria o último xoves de cada mes ás 19:30 horas, se este día é inhábil a celebración da sesión trasladarase ao martes hábil anterior, excepto nos meses de agosto e decembro.

PUNTO TERCEIRO: CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES. COMPOSICIÓN DO CONSELLO DA EMISORA MUNICIPAL.

Vista a proposta de Alcaldía que se transcribe a continuación.

“Creación das Comisións Informativas Permanentes seguintes:

Comisión Informativa Permanente de Contas, Facenda e Persoal.

Comisión Informativa Permanente de Obras e Urbanismo.

Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno (corresponderalle o ditame de calquera outro asunto competencia do Pleno propia ou delegada que non estea expresamente atribuída a outra Comisión informativa).

Composición: Participación igual de todos os grupos políticos [concelleiros (4): 1 PP, 1 UxO, 1 BNG, 1 PSOE] que integran a corporación, aplicándose o sistema de voto ponderado.

Presidente: Alcalde ou concelleiro en quen delegue”.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra Regos Mata, en representación do grupo político UxO, que sinala que están a favor desta creación e composición por dous motivos. Polo aforro económico que isto supón e ademais pola posibilidade de nomear máis dun suplente ampliando así a representatividade.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que cando se mantivo esa reunión dixéronlle que lles viña mellor ás oito. No tocante ás comisións a proposta



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 5

inicial que lles fixo o goberno municipal era comisións informativas na que se rachaba o voto ponderado tendo o PP tres representantes e o resto dos grupos un representante. Alégranse de que se corrixisse esa proposta e se manteña o sistema de voto ponderado que se conseguiu no anterior mandato. Dado que se mantén o mesmo número de comisións informativas que xa había abertas, por tal motivo van a votar favorablemente neste punto.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que quere corrixir o que acaba de dicir que non é certo por que o que se dixo e se explicou a todos os grupos era que había dous sistemas de votos nas comisións informativas, seguir traballando co voto ponderado ou un sistema de proporcionalidade e cal era este. En ningún caso manifestaron que tiñan adoptada a decisión. Sinte dicir que se acaba de terxiversar o que se dixo nesa reunión. Ten as notas do que se falou con todos os grupos de cómo se faría o reparto en cada un dos casos. Explicáronse ambas opcións para as persoas que son concelleiros por primeira vez. En ningún case dixo que estaba a decisión tomada. Estase a manipular a información.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de quince votos a favor (9 grupo político PP, 1 grupo político BNG, 3 grupo político UxO, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

Creación das Comisións Informativas Permanentes seguintes:

Comisión Informativa Permanente de Contas, Facenda e Persoal.

Comisión Informativa Permanente de Obras e Urbanismo.

Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno (corresponderalle o ditame de calquera outro asunto competencia do Pleno propia ou delegada que non estea expresamente atribuída a outra Comisión informativa).

Composición: Participación igual de todos os grupos políticos [concelleiros (4): 1 PP, 1 UxO, 1 BNG, 1 PSOE] que integran a corporación, aplicándose o sistema de voto ponderado.

Presidente: Alcalde ou concelleiro en quen delegue.

PUNTO CUARTO: DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO PLENO NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Vista a proposta de Alcaldía que se transcribe a continuación.

“Delegar na Xunta de Goberno Local as competencias do Pleno seguintes:

1. O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da corporación en materias de competencia plenaria.
2. A declaración de lesividade dos actos do Concello.
3. A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos nos orzamentos.
4. As competencias como órgano de contratación respecto dos contratos mencionados no apartado 1 da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro (LCSP)



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 6

que celebre o Concello, cando polo seu valor ou duración non correspondan ao Alcalde-Presidente, conforme ao devandito apartado:

Os contratos de obras, de subministración, de servizos, os contratos de concesión de obras, os contratos de concesión de servizos e os contratos administrativos especiais, cando o seu valor estimado supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento, e en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración sexa superior a catro anos, eventuais prórrogas incluídas sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades supere a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, ou a contía sinalada.

5. Aqueloutras que deban corresponder ao Pleno por non esixir a súa aprobación unha maioría especial.
6. As demais que expresamente lle confiran as leis”.

Visto o disposto nos arts. 22.2 e 4, e 47.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril (LBRL) e arts. 51 e 53.2 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro (ROF).

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. Viqueira Nouche, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que

Intervén a Sra Regos Mata, en representación do grupo político UxO, que sinala que o artigo 22 da Lei de Bases de Réxime Local establece que o pleno pode delegar as súas competencias no Alcalde ou na Xunta de Goberno Local.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que gustaríalle que non se delegasen tantas competencias, vese que non teñen moito que facer. Van a absterse.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que en todos os concellos nos que gobernan as cores políticas aquí representadas é unha práctica habitual por funcionalidade e operatividade da xestión administrativa municipal. Non van a ser menos nese sentido de ter que esperar a plenos ordinarios ou convocar plenos extraordinarios cando sexa posible adoptar o acordo a través da Xunta de Goberno Local.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de nove votos a favor (9 grupo político PP), coas abstencións (1 grupo político BNG, 3 grupo político UxO, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

Delegar na Xunta de Goberno Local as competencias do Pleno seguintes:

1. O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da corporación en materias de competencia plenaria.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 7

2. A declaración de lesividade dos actos do Concello.
3. A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos nos orzamentos.
4. As competencias como órgano de contratación respecto dos contratos mencionados no apartado 1 da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro (LCSP) que celebre o Concello, cando polo seu valor ou duración non correspondan ao Alcalde-Presidente, conforme ao devandito apartado:

Os contratos de obras, de subministración, de servizos, os contratos de concesión de obras, os contratos de concesión de servizos e os contratos administrativos especiais, cando o seu valor estimado supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento, e en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración sexa superior a catro anos, eventuais prórrogas incluídas sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades supere a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, ou a contía sinalada.

5. Aqueloutras que deban corresponder ao Pleno por non esixir a súa aprobación unha maioría especial.
6. As demais que expresamente lle confiran as leis.

PUNTO QUINTO: DETERMINACIÓN DOS CARGOS QUE LEVEN APARELLADO OU DESEMPEÑO CON DEDICACIÓN EXCLUSIVA OU DEDICACIÓN PARCIAL E AS RETRIBUCIÓN DOS MESMOS.

Vista a proposta de Alcaldía que se transcribe a continuación.

“

- Alcalde-Presidente, exercicio do cargo en réxime de dedicación exclusiva, retribucións brutas **49.700,00 euros/año**, distribuídas en 14 pagas, con efectos retroactivos do 15/06/2019 (art. 39.3 Lei 39/2015, de 1 de outubro).
- SUSANA GARCÍA GÓMEZ, concelleira delegada de política social, igualdade, educación e traballo, exercicio do cargo en réxime de dedicación parcial (30 horas semana), retribucións brutas **26.880,00 euros/año**, distribuídas en 14 pagas. Con efectos do 1 de agosto de 2019
- ABEL BLANCO VIQUEIRA, concelleiro delegado de cultura, mocidade e voluntariado, exercicio do cargo en réxime de dedicación parcial (20 horas semana), retribucións brutas **17.920,00 euros/año**, distribuídas en 14 pagas.
- JOSÉ ANTONIO CABEZA FRAGA, concelleiro delegado de obras e infraestruturas, exercicio do cargo en réxime de dedicación parcial (20 horas semana), retribucións brutas **17.920,00 euros/año**, distribuídas en 14 pagas.

As citadas contías variarán anualmente na mesmo porcentaxe que estableza a Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o persoal ao servizo das Administracións Públicas”.

Visto o disposto no art. 75.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril (LBRL).



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 8

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. Viqueira Nouche, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que están de acordo en que os cargos públicos que se exerzan con plena dedicación, Ordes merece un goberno plenamente adicado ás súas tarefas. Consideran que a existencia de catro dedicacións, un exclusiva, tres parciais, resultan excesivas para as necesidades do concello. Notan que non hai ningunha motivación en canto á subida do soldo do alcalde que é unha subida considerable. Está ben que teñan a maioría, pero a que se debe isto. Antes non tiñan a maioría e igual tiña que pensar un pouco máis. Agora en maioría non entende cal é a tarefa que é máis relevante para que o Alcalde cobre esta diferenza de 8.300 euros. Con respecto ás tres dedicacións parciais entenden que son excesivas e resultan moi gravosas para as arcas municipais. A maioría dos membros da Xunta de Goberno Local non son concelleiros con dedicación exclusiva ou parcial, producíndose a seguinte situación, coas dietas por asistencia a órganos colexiados todos os membros do goberno municipal cobrarán un soldo desta administración. Entenden que é unha medida moi gravosa para as arcas municipais e descoñecen a motivación dos tres cargos con dedicación parcial. Antes non os había, agora si, a que se debe isto.

Intervén a Sra Regos Mata, en representación do grupo político UxO, que sinala que están totalmente de acordo coa intervención do voceiro do PSOE. Propoñen manter a retribución establecida para o Alcalde no mandato 2015-2019 de 41.300 euros/ano, suprimindo así as dedicacións parciais de acordo coa emenda presentada no día de onte, mantendo unha única dedicación igual que no mandato anterior. Parécelles abusivo facer una suba dos importes de asistencias a órganos colexiados, suba do soldo do alcalde e establecer ademais tres dedicacións parciais. Consideran oportuno reducir o soldo do alcalde, cando con máis concelleiros terá menos carga de traballo e así poderá establecer se quere dedicacións parciais.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que presentan unha emenda pola seguinte razón. É manifesto e se pode comprobar nos anteriores mandatos que sempre defenderon que unha persoa que se adica á política ten que ter unha remuneración acorde coa responsabilidade que ten. Ordes é un pobo de case trece mil habitantes, cun orzamento ente nove e dez millóns de euros, leva unhas responsabilidade apareladas. O cargo do alcalde ten que estar ben remunerado. No anterior mandato houbo intentos de baixar esa remuneración a 39.000 euros, estiveron en contra, están de acordo en manter os 41.300 euros que se estableceu no mandato 2011 e 2015. Parécelles unha remuneración axeitada para o Alcalde de Ordes. Sucede que desta volta propoñense tres dedicacións parciais, que tampouco lles parecen mal. A xente que traballa para o concello, que lle dedica unha serie de horas ten que estar remunerada. O resto dos membros do goberno non quedan sen cobrar, simúlaselles un soldo a través das asistencias a órganos colexiados. Desta volta hai unha dedicación parcial de trinta horas á semana e dúas dedicacións parciais de vinte horas á semana, co que o alcalde ten descargado o seu traballo setenta horas semanais, alén do traballo que aporten os membros da Xunta de Goberno Local. Se no anterior mandato, co voto do PP, foi axeitado un salario do Alcalde de 41.300 euros, non lle parece lóxico que desta volta co apoio do traballo desa xente liberada con dedicacións parciais e máis integrantes no goberno municipal, se formule subir o salario 8.400 euros brutos. Na emenda propoñen manter as dedicacións parciais contidas na proposta da alcaldía, tamén manter o salario que viña percibindo o alcalde de 41.300 euros.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 9

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que as emendas son rexeitadas. Vai a proceder a dar explicacións. Gustaríalle que se tivesen documentado do último mandato que houbo con maioría en Ordes, que foi 2007-2011, coalición UxO-PSOE. Hai que documentarse, analizar e despois atreverse a falar. Era moi fácil falar cos seus antecesores e ter claro que vostedes eran máis caros fai doce anos do que vai a ser este goberno doce anos despois. Nese momento as asistencias a pleno aprobáronse en 140 euros, Xunta de Goberno Local 230 euros, comisións informativas 105 euros, soldo do alcalde 43.300 euros dedicación exclusiva, a maiores unha dedicación exclusiva de 29.000 euros, unha dedicación parcial de 10.500 euros, dúas dedicacións parciais de 16.200 euros o que supuxo un desenvolvo de 118.000 euros no 2008, 120.000 euros no 2009, 106.000 euros no 2010 trala marcha dunha concelleira. O que vai a custar este goberno municipal vai a ser 112.000 euros. Unha dedicación exclusiva, tres parciais, asistencias a órganos colexiados, con dez euros máis por que ningún dos concelleiros do goberno municipal ten un teléfono do concello, conservan os seus teléfonos particulares ao servizo da veciñanza, como si tiñan no seu día os concelleiros de UxO e PSOE. Pasaron doce anos, a vida da moito de si. A proposta que el trouxo aquí no 2015 non foi un salario de 41.300 euros, foi a que lle aprobou a oposición ao estar en minoría e asumiu e comprometeuse a traballar de inicio cun grupo de sete concelleiros. No seu momento UxO baixoulle o salario a pouco máis de 38.000 euros e seguiu a traballar con ese salario durante dez meses. A continuación reverteuse a situación e volveu a cobrar 41.300 euros. Pero fagan memoria que no pleno de 1 de marzo de 2017 tanto UxO como PSOE fixeron algo que era moi importante que llo explicasen nos mítines aos veciños en vez de dedicarse a dicir moitas mentiras. Como lle baixaron as asistencias aos compañeiros da Xunta de Goberno Local, que eran os que realmente traballaban, que llas rebaxaron nun 33 por cento e aumentaron as súas en case un 40 por cento. Iso fixeron aproveitando que se había cambiado a composición da corporación municipal ao haber dous tráfugas. Iso é o que votou o PSOE e UxO e o que votaron os tráfugas. Baixarlle o salario á xente que traballa e aumentarllo á xente que está por afora. Espera que non lle diga nada na composición das comisións informativas despois por que tiñan creadas tres comisións informativas e nese pleno UxO propuxo crear dez comisións informativas. Se non vai a pedirlle ao Secretario que lles faga chegar unha acta dese pleno do 1 de marzo de 2017 e lle expliquen aso veciños a maneira de proceder e actuar de UxO que a día de hoxe seguen a representar vostedes e que espera que mude e mude moito, por que senón mal vamos. Esa é a realidade de cómo vostedes funcionaban, manipulaban e trasladaban aos veciños nas campañas electorais unicamente o que lles interesaba de maneira trapicheira e mentireira e non contaban a realidade do que se dedicaban a facer. Tamén lles recorda que pasamos por cinco contenciosos administrativos, que lles supuxo un desenvolvo importante de cartos nosos, non ao concello de Ordes. Que perderon todos, tanto en primeira instancia como no TSX de Galicia. Iso foi o que conseguiron nese pleno do 1 de marzo de 2017. É importante que fagan unha reflexión e estuden moi ben todo o que se dixo naquel pleno. Tanto as intervencións da voceira de UxO naquel pleno, como o rebate de todas e cada unha das intervencións que fixo. Cambiaron de persoas, pero as políticas son as mesmas. Isto é algo que tamén fai extensivo ao PSOE. Non vai a formar parte da Mancomunidade. No pleno de 2015 a Sra. Gómez Fuentes pretendía que cobrase 38.300 euros. As contas hai que dicilas ben, o que había falado co anterior voceiro non coincide. O salario de 41.3100 euros corresponde segundo os cálculos do BNG equivale a un salario mensual líquido de 2.390 euros e dúas pagas extras. Isto non é certo, ensínalles unha nómina cando queiran, esa cantidade equivale a un salario de 2.160 euros mes. Aínda así cando acaba o ano ten que pagar IRPF. Esta é a realidade. Que se fixe a cantidade en 2.500 euros mes, cando no seu día había un grupo que pedía que cobrase 2.400 euros mes, ven a dicir que vai a cobrar menos do que cobraba con anterioridade. Por iso fixo unhas contas o máis xustas



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 10

posibles. Isto non é un capricho ou tratar de sacarlle oito mil euros ao concello. É realidade a onde nos levan as cifras que comentaron e como operaban no mandato 2007-2011.

Polo Sr. Alcalde ábrese una segunda quenda de intervencións.

Intervén o Sr. Viqueira Nouche, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que un no está acostumado a que nun pleno o Alcalde fale así. Estas non son maneiras de falar. A historia económica parece que a sabe ben, non se vai a remontar á historia política do ano 2007 en adiante. No ano 2008 non se ganaba o mesmo que se gana neste ano, o emprego non é o mesmo. Por que se sube o soldo, o explique. Non nos fale de números, hai que saber que fai para merecer esta subida de soldo, por que tres dedicacións parciais, non da feito, quere que lle axuden nalgo. Están de acordo que se manteña o soldo que tiña e se aumente co IPC. Non nos de os números do que pasou no 2007, 2011. Non nos importa, cal é a motivación da subida do seu soldo, cal é a relevancia dos concelleiros delegados para darlles unha dedicación parcial. Necesitamos que nos motive un pouco.

Intervén o Sr Iglesias Vieites, en representación do grupo político UxO, que sinala que comparten o que di o compañeiro do PSOE. O Alcalde está empeñado en falar de seguido do pasado. Somos tres concelleiros novos, responden do que van a votar e do que votou durante un ano e medio. Se ten algo que dicir a iso o diga. Empezan de cero e van tomar as súas decisións. As decisións de anteriores membros de UxO son decisións deles. Eles decidiron, terían as súas razóns ou non. Ve alguén aquí da antiga UxO. Viviu durante catro anos falando do Sr. Regos Boquete, so de adicaba a iso, non a dicir o que realmente facía. Vostede tamén ten un pasado político. Como nos non compartimos moitas das decisións que se tomaron naquel pasado político. Vostede foi o número tres de Terra Galega co Sr. González Santos, compartiu moitas das decisións que se tomaron. Estivo na oposición co PP e votou cousas que despois no goberno fixo ao revés. Hai moito que falar e os catro anos son moi largos. Tranquilidade, non se poña nervioso.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que non recorda aquel pleno así como que os 41.300 euros foi unha decisión da oposición. Naquel momento había varias propostas, a do PP era de 43.000 euros brutos ao ano, había outra de 39.000 euros, a do BNG era manter o que había no 2011 e 2015 41.300 euros, foi o que saíu co acordo unánime da corporación. Foi o que se debateu e aprobou, ninguén impuxo nada, había varias propostas e entendeuse que a máis acaída era a do BNG. Agora fan unha proposta superior a que facían no 2015, tendo a disposición máis membros no goberno, eran sete persoas, agora é de nove e con tres persoas que van a ostentar unha dedicación parcial, que son un mínimo de 70 horas de traballo á semana. Non o entenden, se é que de explicárnolo. Non fan demagogia co tema do salario, entenden que as persoas que traballan unhas determinadas horas no Concello á semana para os veciños teñen que estar remunerados. Sabían o que se aprobou en anteriores corporación, inicialmente no 2015 eran cinco dedicacións parciais e unha exclusiva, despois posteriormente o Alcalde aprobou unha exclusiva para si. Sabemos eses datos, non facemos demagogia. Seguen sen entender por que cando ten menos carga de traballo ou e de entender que ten menos cando ten máis xente traballando día a día no concello, que se pretenda subir o salario máis incluso do que propoñían no 2015. Saben que cun salario de 41.300 euros, correspondía a un salario líquido mensual de 2.400 euros, que agora resulta que son menos de 2.200 euros, pero se prorrateamos a doce as catorce pagas ao ano veñen sendo uns 2.600 euros



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 11

mes. Entenden que é un salario digno par un alcalde de Ordes. Sabemos que ten moitas responsabilidades, que é alcalde sete días á semana. Seguen propondo manter ese salario por que vai a ter máis mans que lle van axudar a levar a cabo a labor de goberno. A ver si esta alegría que temos agora ao poñer salarios tamén se nota co persoal laboral do concello que leva reclamando unha mellora das súas condicións económicas, que sempre se lles dixo que non había cartos. A ver se é certo que durante o mandato esas peticións son atendidas coa mesma alegría que se ten agora cos salarios do goberno municipal.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o primeiro que hai que ter é un respecto á lei. Esas demandas xa se teñen analizado cos anteriores representantes sindicais, espera analizar cos que acaban de entrar, acaba de meterse nun terreo fangoso. Está máis que falado. Non é un non por que non haxa cartos. A día de hoxe en tesourería pasan dos catro millóns de euros. Non é a situación, non nos podemos saltar a lei. Como alcalde pode dicir o que considera oportuno. Non se pon para nada nervioso, nin lle está a faltar o respecto a ningún dos concelleiros ou veciños. Está a facer un reflexión do que aconteceu durante moitos anos cando se constituíron as corporacións, o que aconteceu cando estivo na oposición e cando estivo no goberno. É certo que muda a maneira de facer política cando se está no goberno ou na oposición. Se vostedes tivesen que tomar hoxe a decisión sendo nove dun cuatripartito e nos oito estaríamos a falar seguramente dunha situación similar ou peor. Esta convencido. Vai a facer referencia a outros concellos sen entrar en máis debate. O límite permitido para o noso concello son 53.000 euros, cinco dedicacións exclusivas e dous cargos de confianza. Moitos cartos que nos permitiría a lei. Non é o que van a facer e o que necesitan, confía nos integrantes do goberno municipal para facer por Ordes aínda máis do que fixeron nos últimos catro anos. Moitas veces chegan a traballar catorce ou dezaseis horas diarias para sacar isto adiante, incluso fins de semana. É moi cómodo cando a xente da oposición non aparece nos actos públicos e se marcha de viaxe ou están tranquilos na súa casa, tamén hai que ter unha dedicación. Agarda que o demostren tanto nas festas como nos actos públicos aos que sexan convocados. Concello de Oroso goberno en coalición PSOE-BNG, dedicación parcial Alcalde, 75 por cento salario máximo, 35.000 euros, equivalería a unha exclusiva de 47.000 euros. Dedicacións parciais de 22.000 euros, 17.000 euros, 14.000 euros, dúas dedicacións exclusivas 23.500 euros. O que supón 136.000 euros ano. A maiores un cargo de confianza por 21.300 euros. Concello de Carballo dedicación exclusiva do Alcalde de 43.500 euros, máis antigüidade, dedicacións exclusivas 43.500 euros, (4) 38.000 euros, total 239.000 euros, dous cargos de confianza por 24.000 euros. Concello de Ponteceso dedicación exclusiva do Alcalde 47.000 euros, dúas dedicacións exclusivas de 23.800 euros e dúas dedicacións parciais de 14.280 euros, total 123.000 euros. Concello de Cerceda dedicación exclusivas tres por 32.000 euros e a maiores un cargo de confianza de 39.000 euros. Exemplos hai moitos, o mesmo que os seus compañeiros alcalde fan nos seus concellos, que teñen que darlle un salario digno aso seus compañeiros que traballan con asistencia á órganos colexiados ou con dedicacións parciais ou exclusivas, tamén o vai a facer o alcalde de Ordes por que considera que é lexítimo e foron os veciños os que democraticamente decidiron o 26 de maio que o PP tivese nove representantes e se teñen algo que achacarlle poden facelo na rúa o vir a visitalo ao despacho ou nas próximas eleccións pasarlles a factura que corresponda no ano 2023.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de nove votos a favor (9 grupo político PP), 6 votos en contra (1 grupo político BNG, 3 grupo político UxO, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 12

- Alcalde-Presidente, exercicio do cargo en réxime de dedicación exclusiva, retribucións brutas **49.700,00 euros/año**, distribuídas en 14 pagas, con efectos retroactivos do 15/06/2019 (art. 39.3 Lei 39/2015, de 1 de outubro).
- SUSANA GARCÍA GÓMEZ, concelleira delegada de política social, igualdade, educación e traballo, exercicio do cargo en réxime de dedicación parcial (30 horas semana), retribucións brutas **26.880,00 euros/año**, distribuídas en 14 pagas. Con efectos do 1 de agosto de 2019
- ABEL BLANCO VIQUEIRA, concelleiro delegado de cultura, mocidade e voluntariado, exercicio do cargo en réxime de dedicación parcial (20 horas semana), retribucións brutas **17.920,00 euros/año**, distribuídas en 14 pagas.
- JOSÉ ANTONIO CABEZA FRAGA, concelleiro delegado de obras e infraestruturas, exercicio do cargo en réxime de dedicación parcial (20 horas semana), retribucións brutas **17.920,00 euros/año**, distribuídas en 14 pagas.

As citadas contías variarán anualmente na mesmo porcentaxe que estableza a Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o persoal ao servizo das Administracións Públicas.

PUNTO SEXTO: FIXACIÓN DO IMPORTE DAS ASISTENCIAS Á ÓRGANOS COLEXIADOS.

Vista a proposta de Alcaldía que se transcribe a continuación.

“Os concelleiros que non exerzan os seus cargos en réxime de dedicación exclusiva, nin dedicación parcial, percibirán asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da Corporación de que formen parte nas contías seguintes:

- Asistencia a sesións do Pleno: 150,00 euros.
- Asistencia a sesións da Xunta de Goberno Local: 240,00 euros.
- Asistencia a sesións das Comisións Informativas e Xunta de Voceiros: 120,00 euros.
- Asistencia a sesións do Consello da Emisora Municipal: 120,00 euros”.

Visto o disposto no art. 75.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril (LBRL).

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. Viqueira Nouche, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que entenden que as contías están adaptadas ao IPC e non se opoñen a elas.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, en representación do grupo político UxO, que sinala que presentan unha emenda, propoñen que as asistencias a pleno 125 euros, como xa estaban, asistencias a Xunta de Goberno Local 200 euros, como xa estaban, asistencias a comisións informativas, Xunta de Voceiros e Consello da emisora municipal 100 euros, como xa estaban. Non é o momento de subilas, a mellor contía é a que estaba establecida anteriormente.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 13

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que o concello de Carballo non é comparable con Ordes, trinta mil habitantes fronte a doce mil que ten Ordes. Non se conta con mesmos orzamentos, como é máis grande precisa de máis concelleiros. Se facemos unha conta sumando os salarios todos e os dividimos entre o número de habitantes seguramente sae máis barato o concello de Carballo que o de Ordes. Non van a entrar en demagogias, xa lle dixeron que as persoas nese aspecto tiñan que estar ben remuneradas. Non entende que se pretenda facer comparacións con compañeiros noutros concellos. Non se puxo obxección ás dedicacións parciais, si á subida do soldo do Alcalde. Fixeron unha emenda a proposta de asistencias. Non lle parece mal a subida a 150 euros pola asistencia a plenos, para unha persoa que lle dedica vinte horas ao pleno non é moito, si para un que so ben a levantar a man. Dentro da regra de que quen traballa teña unha remuneración axeitada parécelles ben. A Xunta de Goberno Local recorda que chegaron a estar a 180 euros, no anterior mandato a proposta do PP foi de 210 euros. 200 euros por asistencia á Xunta de Goberno Local parécelles unha remuneración axeitada. O volven a propor para este mandato. Asistencias a comisións informativas e xunta de voceiros, moitas veces é darlle conformidade a un trámite, a xunta de voceiros realmente so se informa da orde do día e despois marchan. Manter en 100 euros parécelles ben remuneradas. As comisións informativas nalgúns asuntos si que requiren plantexar cuestións aos técnicos, facer propostas, a duración é variable, 100 euros están ben remuneradas. O Consello da emisora municipal tamén 100 euros. En base a isto elaboraron a emenda que visto o visto supoñen que tamén será rexeitada.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que todo isto tamén ten unha explicación. Co pleno parece que todos estamos de acordo menos UxO. A Xunta de Goberno Local o importe por asistencia que se leva para casa non son 200 euros, hai que aplicarlle o IRPF, tratouse de buscar que os compañeiros leven eses 200 euros. O compañeiro que non ten dedicación tamén vai a facer esas vinte horas á semana ou máis. Os cálculos fixéronse para poder equiparalos e que polo menos cobren eses 990 euros líquidos por asistencias, para que sexa o máis equitativo posible. Quere que entendan por que esas cantidades se teñen que incrementar. A explicación é lóxica e razoable. Vai a manter os importes da súa proposta, está totalmente de acordo co que dixo sobre a xunta de voceiros, se quere modifícase o importe por asistencia a xunta de voceiros e se fixa en 60 euros.

Polo Sr. Alcalde ábrese una segunda quenda de intervencións.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, en representación do grupo político UxO, que sinala que non teñen ningún problema que se suban 25 euros os plenos ata 150 euros. Queren manter os importes do mandato anterior, que lles parecen ben e que o PP tamén aceptou. O problemático son os case 50.000 euros que vai a cobrar o alcalde, as dedicacións parciais 26.800, 17.900 e despois a parte todo o que van a cobrar por asistencias a órganos colexiados.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que non ten problema en aceptar a emenda do Alcalde. Tanto lle da. Van a votar en contra polo resto das asistencias, se as mantén 150, 200 e 100 euros votarían favorablemente. Ou a Xunta de Goberno Local trasládase á proposta de 2011 210 euros. Poderían votar favorablemente. Somos conscientes de que hai que aplicar unha retención. Se mantén a súa proposta votarán en contra.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 14

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que vai a cobrar 32.500 euros líquidos. Van a tratar de equiparar o traballo dos concelleiros ás dedicacións parciais de vinte horas. Teñen que ser con esas cifras.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de quince votos a favor (9 grupo político PP), catro votos en contra (1 grupo político BNG, 3 grupo político UxO), dúas abstencións (2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

Os concelleiros que non exerzan os seus cargos en réxime de dedicación exclusiva, nin dedicación parcial, percibirán asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da Corporación de que formen parte nas contías seguintes:

- Asistencia a sesións do Pleno: 150,00 euros.
- Asistencia a sesións da Xunta de Goberno Local: 240,00 euros.
- Asistencia a sesións das Comisións Informativas: 120,00 euros.
- Asistencia a Xunta de Voceiros: 60,00 euros.
- Asistencia a sesións do Consello da Emisora Municipal: 120,00 euros.

PUNTO SÉTIMO: DAR CONTA DOS GRUPOS POLÍTICOS CONSTITUÍDOS.

Co obxecto de dar cumprimento ó disposto no art. 98 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Concello de Ordes polo Sr. Secretario dáse conta da constitución dos seguintes grupos políticos:

GRUPO POLÍTICO PARTIDO POPULAR

D. JOSÉ LUÍS MARTÍNEZ SANJURJO.
D^a. ANA MARÍA SONEIRA LIÑARES.
D. JOSÉ MANUEL MIRA GÓMEZ.
D. ABEL BLANCO VIQUEIRA.
D^a. YESSICA LÓPEZ VARELA.
D. JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ.
D^a. SUSANA GARCÍA GÓMEZ (VOCEIRA).
D. PABLO VÁZQUEZ CANDAL.
D. JOSÉ ANTONIO CABEZA FRAGA.

GRUPO POLÍTICO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

D. PABLO VIDAL RÍOS (VOCEIRO).
D. PAULA CASTENDA BRANCO.
D. GONZALO VEIRAS CARNEIRO.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 15

GRUPO POLÍTICO UNIÓN POR ORDES

D^a. ALBA REGOS MATA (VOCEIRA).

D. MANUEL IGLESIAS VIEITES.

D. MARCOS FERNÁNDEZ LOURO.

GRUPO POLÍTICO PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA-PSOE

D. FERNANDO VIQUEIRA NOUCHE (VOCEIRO).

D^a. CARMEN MARÍA FERREIRO VILLAVERDE.

PUNTO OITAVO: FIXACIÓN DO IMPORTE DA DOTACIÓN ECONÓMICA DOS GRUPOS POLÍTICOS.

Vista a proposta de Alcaldía que se transcribe a continuación.

“Fixar a dotación económica dos grupos políticos da Corporación nas contías seguintes:

- Compoñente fixo (idéntico para todos os grupos): **350,00** euros/mes.
- Compoñente variable (en función do número de membros de cada grupo): **120,00** euros/membro/mes”.

Visto o disposto no art. 73.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de quince votos a favor (9 grupo político PP, 1 grupo político BNG, 3 grupo político UxO, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

Fixar a dotación económica dos grupos políticos da Corporación nas contías seguintes:

- Compoñente fixo (idéntico para todos os grupos): **350,00** euros/mes.
- Compoñente variable (en función do número de membros de cada grupo): **120,00** euros/membro/mes.

PUNTO NOVENO: COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA EN MATERIA DE NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE, MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E DELEGACIÓNS DE ATRIBUCIÓNS.

Polo Sr. Alcalde dáse conta da resolución de Alcaldía, de data 26 de xuño de 2019, que se transcribe a continuación:

“De conformidade co establecido nos arts. 21.3 e 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, arts. 7, 8, 11, 15, 16 do



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 16

Regulamento de organización e funcionamento do Concello e arts. 43, 44, 46 e 112 do R. D. 2568/1986, de 28 de novembro, **RESOLVO**:

1.- Designar como membros da Xunta de Goberno Local aos concelleiros seguintes:

- ANA M^a SONEIRA LIÑARES.
- JOSÉ MANUEL MIRA GÓMEZ.
- JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ.
- PABLO VÁZQUEZ CANDAL
- YESSICA LÓPEZ VARELA.

2.- Designar de entre os membros da Xunta de Goberno Local como Tenentes de Alcalde aos concelleiros seguintes:

- ANA M^a SONEIRA LIÑARES, 1º Tenente de Alcalde.
- JOSÉ MANUEL MIRA GÓMEZ, 2º Tenente de Alcalde.
- JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ, 3º Tenente de Alcalde.
- PABLO VÁZQUEZ CANDAL, 4º Tenente de Alcalde.
- YESSICA LÓPEZ VARELA, 5º Tenente de Alcalde.

3.- Efectuar unha delegación xenérica das atribucións da Alcaldía nos concelleiros seguintes:

- ANA MARÍA SONEIRA LIÑARES, concelleira delegada de medio ambiente e deportes.
- JOSÉ MANUEL MIRA GÓMEZ, concelleiro delegado de servizos, mantemento.
- ABEL BLANCO VIQUEIRA, concelleiro delegado de cultura, mocidade e voluntariado.
- YESSICA LÓPEZ VARELA, concelleira delegada de economía, comercio, industria e turismo.
- JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ, concelleiro delegado de medio rural, relacións veciñais, parques e xardíns.
- SUSANA GARCÍA GÓMEZ, concelleira delegada de política social, igualdade, educación e traballo
- PABLO VÁZQUEZ CANDAL, concelleiro delegado de exposicións, eventos, feiras e mercados.
- JOSÉ ANTONIO CABEZA FRAGA, concelleiro delegado de obras e infraestruturas.

As delegacións anteriores unicamente comprenderán as facultades de dirección e organización interna dos servizos ou áreas correspondentes como a de xestionalos en xeral, non estando incluída a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

4. Notificar persoalmente aos designados, publicándose ademais no Boletín Oficial da Provincia.

5.- Delegar na Xunta de Goberno Local o exercicio das atribucións seguintes:

- O desenvolvemento da xestión económica de acordo co Orzamento aprobado, dispoñendo gastos dentro dos límites da súa competencia



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 17

- Aprobar a oferta de emprego público de acordo co Orzamento e o cadro de persoal aprobados polo Pleno.
- As aprobacións dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.
- As competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministro, de servizos, os contratos de concesión de obras, os contratos de concesión de servizos e os contratos administrativos especiais, cando o seu valor estimado non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, eventuais prórrogas incluídas sempre que o importe acumulado de todas os seus anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada
- A competencia para a celebración dos contratos privados, así como a adxudicación de concesións sobre os bens do concello e a adquisición de bens inmobles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o presuposto base de licitación, non supere o dez por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin o importe de tres millóns de euros, así como a enaxenación do patrimonio, cando o seu valor non supere a porcentaxe nin a contía indicados.
- A aprobación dos proxectos de obras e de servizos cando sexa competente para o seu contratación ou concesión e estean previstos no orzamento.
- O outorgamento das licenzas, salvo que as leis sectoriais as atribúan expresamente ao Pleno.
- As demais que expresamente lle atribúan as leis e aquelas que a lexislación do Estado ou das comunidades autónomas asignen ao municipio e non atribúan a outros órganos municipais, coas excepcións seguintes:
 - Protección da legalidade urbanística.
 - Declaración de ruína.
 - Convenios urbanísticos.
 - Ordes de execución.
 - Procedementos de control posterior de actividades e establecementos.
 - Procedementos de declaración de ineficacia de comunicacións previas.
 - Procedementos sancionadores.

6.- Publicación da delegación anterior no Boletín Oficial da Provincia.

7.- De conformidade co establecido no art. 16 do Regulamento Orgánico Municipal a Xunta de Goberno Local celebrará sesión constitutiva dentro dos quince días seguintes a aquel en que se designasen os membros que a integran. Celebrará sesión ordinaria todos os venres as catorce horas.

8.- Delegar a Presidencia do Consello Escolar Municipal na Concelleira delegada de educación D^a. Susana García Gómez.

9. Notificar persoalmente á designada, publicándose ademais no Boletín Oficial da Provincia.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 18

10.- Dar conta ao Pleno na sesión que deberá celebrarse dentro dos trinta días seguintes ao da sesión constitutiva”.

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde levanta a sesión, sendo ás quince horas e quince minutos do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.

O ALCALDE-PRESIDENTE

O SECRETARIO